

## ANEXO III

## Métodos considerados no número 2 do artigo 3

Parámetro	Unidade	Proba	
		Método	Data de publicación
Contido de COV . . . . .	g/l	ISO 11890-2	2002
Contido de COV cando estean presente diluíntes reactivos ..	g/l	ASTMD 2369	2003

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**3414** *REAL DECRETO 201/2006, do 17 de febreiro, polo que se modifica, para o ano 2006, a porcentaxe de gastos de difícil xustificación en actividades agrícolas e gandeiras na modalidade simplificada do método de estimación directa do imposto sobre a renda das persoas físicas e se establece o prazo de renuncias e revogacións aos réximes especiais simplificado e da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido e ao método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas. («BOE» 44, do 27-2-2006.)*

Por acordo do 7 de decembro de 2005, entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e o Ministerio de Economía e Facenda e as organizacións agrarias COAG e UPA sobre medidas para paliar o incremento dos insumos na produción, adóptanse determinadas medidas referidas ao imposto sobre a renda das persoas físicas, as cales necesitan un desenvolvemento normativo.

Por unha parte, na modalidade simplificada do método de estimación directa prorrógase para 2006 a medida que se aprobou na disposición adicional única do Real decreto 687/2005, do 10 de xuño, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, para regular o réxime especial de tributación polo imposto sobre a renda de non-residentes, e se eleva a porcentaxe de gastos de difícil xustificación dos agricultores e gandeiros en estimación directa simplificada.

Por outra parte, establécense medidas que afectan o método de estimación obxectiva. Estas débense concretar mediante a aprobación dunha orde ministerial que modifique a Orde EHA/3718/2005, do 28 de novembro, pola que se desenvolven para o ano 2006 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido e se modifica para as actividades agrícolas e gandeiras a táboa de amortización da modalidade simplificada do método de estimación directa.

Por isto, cómpre establecer un prazo especial de renuncias ou revogacións dos réximes especiais simplificado e da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido e ao método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas, co fin de que os suxeitos pasivos destes impostos poidan decidir sobre estas cuestións unha vez que se desenvolvan as medidas adoptadas no citado acordo.

Este desenvolvemento regulamentario efectúase de acordo coas habilitacións contidas nos artigos 28 e 49 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2004, do 5 de marzo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de febreiro de 2006,

## DISPONGO:

**Artigo 1.** *Determinación do rendemento neto na modalidade simplificada do método de estimación directa nas actividades agrícolas e gandeiras durante o ano 2006.*

Para a determinación do rendemento neto das actividades agrícolas e gandeiras na modalidade simplificada do método de estimación directa, e para os efectos previstos na regra 2.<sup>a</sup> do artigo 28 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, o conxunto das provisións deducibles e os gastos de difícil xustificación cuantificarase aplicando a porcentaxe do 10 por cento sobre o rendemento neto, excluído este concepto.

**Artigo 2.** *Prazo de renuncias e revogacións dos réximes especiais simplificado e da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido ou do método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas para o ano 2006.*

1. Os prazos de renuncia, aos cales se refiren o artigo 31.1.a) do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas e o artigo 33.2, parágrafo segundo, do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, así como os prazos para revogar as renuncias previamente efectuadas, que deben producir efectos para o ano 2006, comprenderán desde o día seguinte á data da publicación no «Boletín Oficial del Estado» da orde ministerial que modifique a Orde EHA/3718/2005, do 28 de novembro, ata o 31 de marzo do ano 2006.

O disposto no parágrafo anterior débese entender sen prexuízo das renuncias previstas no artigo 31.1.b) do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas e no artigo 33.2, parágrafo terceiro, do Regulamento do imposto sobre o valor engadido.

2. As renuncias ou revogacións presentadas, para o ano 2006, aos réximes especiais simplificado e da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido ou ao método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas, durante o mes de decembro de 2005, entenderanse presentadas en período hábil.

Non obstante, os suxeitos pasivos afectados polo disposto no parágrafo anterior poderán modificar a súa opción no prazo previsto no número 1 deste artigo.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con efectos desde o 1 de xaneiro de 2006.

Dado en Madrid o 17 de febreiro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno  
e ministro de Economía e Facenda,

PEDRO SOLBES MIRA